

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, APROBADAS NA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 19 DE FEBREIRO DE 2021

BDNS(Identif.):550294

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/550294>)

1. Entidades beneficiarias

As entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro inscritas na área de Igualdade do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), que teñan a súa razón social ou unha delegación na provincia de Pontevedra e que cumpran todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

2. Obxecto

Subvencións dirixidas a financiar as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia machista durante o ano 2021.

3. Lexislación aplicable

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, do 19 de febreiro de 2021; Ordenanza xeral de subvencións; Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2021; LXS; Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da LXS; e demais lexislación aplicable.



Xoves, 25 de febreiro de 2021

Núm. 38

4. Importe

Cento oito mil (108.000,00) euros. A contía máxima da subvención para cada entidade non excederá os seis mil (6.000,00) euros.

5. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

6. Outros datos de interese

- As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP
 - No caso de presentar a solicitude de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda
 - Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, no modelo normalizado e coa do-cumentación establecida na base novena
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo segunda da convocatoria
- Gastos subvencionables: os relacionados co programa para o que se solicita a subvención
- Compatibilidade: si
- Forma de pagamento: transferencia
- Forma de xustificación: mediante a documentación requirida na base décimo sexta da con-vocatoria
- Prazo de xustificación: ata o 28 de febreiro de 2022, este incluído

Pontevedra, 23/02/2021

A presidenta, María del Carmen Silva Rego

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:1700GGHRL98YLW2

